



# PLAN DIGITAL

[CEIP Eduardo Ponda]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- Datos básicos do centro
- Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- Breve xustificación do mesmo
- Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- Fontes empregadas para a análise DAFO
- Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- Obxectivos, indicadores e accións
- Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- Seguimento do Plan de Acción
- Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

- **Nome:** CEIP Eduardo Pondal: [ceip.pondal.ponteceso@edu.xunta.gal](mailto:ceip.pondal.ponteceso@edu.xunta.gal)
- **Dirección:** Rúa A Trade, Ponteceso.
- **Correo Electrónico:** [ceip.pondal.ponteceso@edu.xunta.gal](mailto:ceip.pondal.ponteceso@edu.xunta.gal)
- **Páxina Web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippondalponteceso/taxonomy/term/1>
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Primaria (liña 1) agás en terceiro quinto e sexto (liña 2)
- **Número de Profesorado:** 24
- **Número de Alumnado:** 185

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Eduardo Pondal está situado no concello de Ponteceso, pertencente á bisbarra de Bergantiños, no noroeste de Galicia. Trátase dunha zona rural onde a maior parte da poboación traballa no sector primario: gandaría e produtos hortícolas. Outras actividades deste sector nas zonas costeiras son a pesca e o marisqueo. Tamén ten un papel fundamental a construción e a explotación forestal.

Outros dos aspectos a salientar é que no Concello hai unha gran diversidade cultural. Isto faise patente no centro coa presenza de alumnado que provén de Marrocos, Venezuela, Uruguai.

No ámbito informático-tecnolóxico, dende o centro fóronse levando a cabo diferentes iniciativas. Ao longo de varios cursos fixéronse solicitudes para conseguir material tecnolóxico e tratar de renovar os dispositivos do centro ao mesmo tempo que se facían inversións neste ámbito para contribuír a dita renovación: compráronse pantallas dixitais, ordenadores e impresoras.

A partir da COVID, deuse un paso máis, púxose en funcionamento un carriño con 7 ordenadores que neste curso se integraron fisicamente na biblioteca para empregar por todo o profesorado máis asiduamente comprados polo centro educativo coa finalidade de que fora rotando polas diferentes aulas. Ademais este ano o centro incorporouse na Rede Dixitalgal e aprobouse o Proxecto EDixgal para os cursos de quinto e sexto no curso 2022-2023.

Os avances e o compromiso do centro coa transformación dixital tamén se veu reflectida a través da formación do profesorado coa liñas dos PFPP. Dúas relacionadas coa robótica e programación (para alumnado e profesorado) para a que se contaba cunha aula específica e outra liña relacionada coa mellora das competencias dixitais docentes.

Por outra banda, para reducir esta fenda dixital, o centro puxo a disposición das familias máis desfavorecidas dispositivos con conexión de internet proporcionados pola Xunta.

Con todo isto, o Plan Dixital, de aquí en adiante (PDC) será o documento no que se definan as estratexias e liñas a seguir para a transformación dixital do centro. Polo que deberá formar parte da súa identidade, contribuíndo ao Proxecto Educativo.

Así será un instrumento de planificación e avaliación integrado no Proxecto Educativo e concretado na Programación xeral anual a través do cal se impulsará: o desenvolvemento da competencia dixital tanto do profesorado como do alumnado, a integración das TIC como unha ferramenta a disposición dos novos modelos de aprendizaxe e o uso das TIC nos procesos de xestión de centro.

É un documento elaborado polo Equipo de dinamización do Plan Dixital, o cal foi informando ao Claustro sobre o proceso seguido ao longo do curso coa finalidade de engadir propostas de mellora ou modificacións en cada apartado desenvolto polo equipo.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

*A Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación no seu artigo 121 establece que “o proxecto educativo do centro recollerá a estratexia dixital do centro”. Deste xeito faise inminente o desenvolvemento dunha guía ou liñas que permitan aos centros ir avanzando cara a transformación dixital. Dentro de esta estratexia e segundo queda recollido no artigo 111 bis desta mesma Lei tanto as Administracións como os equipos directivos promoverán o uso das TIC na aula e establecerán as condicións apropiadas fomentar a seguridade no seu uso e para eliminar os riscos derivados do mesmo.*

*O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así*

*como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro. Polo que será desde a dirección dende onde se promova dita transformación dixital.*

No ámbito de Galicia e concretamente na etapa de educación infantil e primaria en Galicia, esta estratexia ten a súa fundamentación legal na **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22 na que se establece na disposición adicional quinta que “Os centros docentes elaborarán no curso 2021/2022 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten”.

O deseño deste Plan Dixital queda establecido na **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital realizouse en diferentes fases:

- ✚ Análise da Situación de Partida: A inicios de novembro nomeáronse os membros do **Equipo de Dinamización do Plan Dixital**. Posteriormente, e tras unha primeira reunión entre mentora e Equipo para comprender o contexto do Plan, realizouse a activación do **SELFIE**. Finalmente o profesorado e alumnado cubriu a enquisa e informouse ao Claustro dos resultados obtidos.

No segundo trimestre, seguindo coa análise da realidade do centro en febreiro o profesorado realizou o **test CDD** cunha alta participación do profesorado no mesmo.

Cos datos obtidos destas dúas enquisas elaborouse a finais de marzo un **DAFO**, no que deixamos constancia da realidade a través da descrición das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

- ✚ Elaboración do **Plan de Acción** (maio), no que tras varias reunións do equipo establecéronse 5 obxectivos para tratar de ser realistas. Os mesmos expuxéronse ao Claustro para a súa valoración e aprobación.

- ✚ Finalmente, en xuño, redactouse o **Plan Dixital** coa colaboración de todos os membros do equipo así como coas achegas establecidas polo Claustro.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:** O colexio conta con puntos wifi repartidos por diferentes lugares do centro cunha conexión dun 1 Gb. Ademais todas as aulas teñen acceso a internet por cable gracias ao traballo levado a cabo polo profesorado.
  - Infraestrutura de voz: catro teléfonos. Un en cada dependencia de dirección e outro no espazo do conserxe con tomas Rj45 . O do conserxe está emparellado co de secretaría mentres que o de xefatura e dirección están conectados entre eles. Ademais cóntase cunha liña específica no despacho de orientación e no de mentorización (ADIX).
- **Equipamento:** A maioría do equipamento foi comprado polo propio centro educativo e o profesorado o empregara para o desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe e para os de organización de centro.
  - Aulas Dixitalizadas: Todas as titorías están dixitalizadas. Contan cun portatil para o profesorado e cunha pizarra interactiva e proxector. A pesar disto, existen varias deficiencias no material destas aulas:
    - Aula de 4 anos: O portatil está obsoleto e funciona con lentitude.
    - Aula de 5 anos: Non funcionan adecuadamente os altofalantes da pizarra.
    - Aula de primeiro: O ordenador está obsoleto, a pizarra non se ve correctamente (borrosa e clara) e a lámpada do proxector falla constantemente.
    - Aula de terceiro: O proxector requéntase e apágase continuamente (xa se intentou reparar e non ten solución).

Aula de quinto: non ten sensibilidade/puntos táctiles na parte baixa da pantalla.

Aula de sexto: Non ten ordenador.

Ademais nalgunhas titorías tamén se conta cun dispositivo de búsqueda para o alumnado. Dito dispositivos son aqueles proporcionados polo programa da Xunta “Educa en dixital Galicia” para o alumnado que non conta con dispositivos no fogar e polo tanto son provisionais.

No referente as aulas de especialistas o equipamento é:

A aula de Música: Proxector e portátil para o uso da docente.

Aula de Inglés 1: Portátil para a mestra, un proxector en mal estado e pizarra interactiva con deficiencias graves por non contar con drivers existentes para a dita pizarra.

Aula De inglés2/ Relixión: Proxector e ordenador de sobremesa (Ano 2016) así como un portátil (2011). Tanto o ordenador de sobremesa como o portátil están obsoletos ao igual que o está o proxector da aula (requéntase).

Aulas de PT/ AL e Orientación: Ordenadores obsoletos e en mal estado a excepción do de orientación. Ademais en cada aula teñen unha impresora en branco e negro en cada aula. Os mesmos son empregados polo profesorado para elaborar documentación de centro, materiais así como para imprimir diferentes recursos educativos. Por outra banda, cada aula conta cunha tablet para traballar de forma interactiva co alumnado.

- Proxectos educación dixital: As aulas de 5º e 6º o próximo curso educativo pasarán a formar parte do Proxecto Edixgal.

- Equipos de xestión e administración. Todos os membros de Administración (secretaría, xefa de estudos e director) contan cun ordenador que se emprega para o desenvolvemento das actividades organizativas e de xestión derivadas destes postos de traballo. O ordenador de dirección (ano 2012) e a pantalla de xefatura de xefatura (2007) están obsoletos. Tamén se dispón dunha impresora a color no despacho de dirección en perfecto estado e unha de branco e negro en xefatura e secretaría que non funcionan.

- Equipos na biblioteca: 2 dispositivos, un ordenador de sobremesa do ano 2007 no que se leva a cabo os préstamos e a catalogación de

libros e un portátil. Ademais para o uso do alumnado contamos con 4 ordenadores de sobremesa (un obsoleto, ano 2007) e portátiles. Algúns destes portátiles están en mal estado e se están aproveitando empregando teclados externos.

Por outro banda, na biblioteca contamos con dous proxectores dos cales solo funciona un correctamente pois o outro acéndese e apágase continuamente. O proxector son empregados para os cursos e antes da COVID empregábase para que o alumnado realizase o préstamo dos libros.

- Equipos Sala de profesores: 2 Equipos dos anos 2007 (obsoleto e con fallos) e 2016. Son ordenadores de sobremesa que o profesorado emprega para levar a cabo todas as accións relacionadas coa docencia e de xestión do centro educativo. Ademais contamos na sala cunha multifunción (impresora) a color e un escáner conectado a un dos ordenadores que non se emprega.

- Equipos ultraportátiles para aula móbil: Actualmente non contamos con dispositivos. Os que estaban nun carriño provisional trasladámoslos a biblioteca para conseguir que o alumnado puidera facer un maior uso dos ordenadores, tanto nas horas lectivas como non lectivas.

- Aulas de informática: Non existe.

- Dotacións para proxectos específicos: Unha das aulas de 6º está dotada de 7 portátiles e 5 tablets que foron comprados polo centro coa dotación recibida por participar no programa desenvolto pola xunta de “Iniciación a Robótica” durante dous cursos escolares.

Ademais destes aspectos no centro tamén se conta cunha fotocopiadora Branco e Negro, que está conectada co 100% dos ordenadores de aula e outra impresora a cor para a etapa de educación infantil comprada polas mestras desta etapa.

- **Servizos dixitais educativos:**

- Páxina web do centro: Emprégase habitualmente para informar as familias de todos os proxectos que se levan a cabo no centro así como calquera outra información que lles poda interesas . Durante este curso estase a cambiar o formato e a tratar de reorganizala.

- Aula Virtual: O profesorado leva dous anos empregando esta plataforma e cada ano vaise ampliando o uso da mesma. Ademais na



mesma iniciouse a elaboración dun repositorio de actividades a través da liña do PFPP das TIC.

- Abalar: O uso deste aplicativo é habitual polo profesorado e equipo directivo para comunicarse coas familias de fora directa.
- **Servicios dixitais non corporativos**: Nalgunha titoría empregase a aplicación ClassDojo para comunicarse coas familias así como o uso de Instagram para informar das actividades levadas a cabo nas aulas. Por outra banda, tamén se estivo a empregar plataformas externas co obxectivo de subir vídeos a páxina web pero dito aspecto estase xestionando na actualidade coa apertura de Agueiro.
- Xestión do mantemento do equipamento do cento. Levada a cabo por un docente do centro e cando é necesario por un técnico informático externo ao mesmo.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC :

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippondalponteceso/taxonomy/term/215>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippondalponteceso/taxonomy/term/216>

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	1,9				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.1				
	Profesorado	1.9				
	Alumnado	2.5				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.2				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	2.7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	-				

<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	2.1			
	Profesorado	3			
	Alumnado	2.5			
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	1.5			
	Profesorado	2.1			
	Alumnado	-			
<b>H- Competencias</b>	Equipo Direct.	2.3			
	Profesorado	1.9			
	Alumnado	2.7			

### Test CDD:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	15	17	83%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>INTERINO</b>	3	4	75%
<b>SUBSTITUTO</b>	1	1	100%
<b>OTROS</b>	1	1	100%

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf</b>	68	Integrador/a(B1)	68,2	Integrador/a(B1)
<b>Prim</b>	63,9	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a(B1)

#### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	11	52,4%
<b>B1</b>	8	38,1 %
<b>B2</b>	2	9,5 %
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	21	100%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Boa conexión e acceso a internet.</li> <li>Equipamento básico para o desenvolvemento do proceso de ensino.</li> <li>Contamos con asistencia técnica pagada polo propio centro.</li> <li>O centro inverte en material informático</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Descoñecemento da lexislación de protección de datos</li> <li>Falta de espazo no centro educativo para incorporar aula de informática (a causa da COVID).</li> <li>O alumnado non conta con dispositivos suficientes para o desenvolvemento de ensino-aprendizaxe.</li> <li>O centro non conta cunha aula de informática.</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>Participación alta do profesorado no Plan de Formación</li> <li>Comunicación coa comunidade educativa por medio das plataformas corporativas.</li> <li>Úsanse recursos educativos abertos.</li> <li>Realízanse actividades dixitais que facilitan a participación do alumnado.</li> <li>Infórmase ao alumnado de como navegar de forma segura e responsable por internet.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Falta de colaboración e non se intercambian experiencias entre o profesorado.</li> <li>Non se empregan creativamente as contornas virtuais de aprendizaxe.</li> <li>Non se realizan nin participan en proxectos interdisciplinares.</li> <li>Non se empregan as tecnoloxías como medio para avaliar nin coavaliar e tampouco para a autoreflexión do alumnado.</li> <li>falta de competencias dixitais do profesorado e falta para crear contidos dixitais.</li> <li>Non se lle dedica tempo para usar as Tic na práctica diaria.</li> <li>Baixa relación coa tecnoloxía.</li> <li>- Non se participa en procesos de innovación educativa.</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>O alumnado atopa toda a información na web.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>O alumnado non aprende nin sabe programar nin codificar.</li> <li>O alumnado non é capaz de resolver problemas técnicos.</li> <li>O alumnado non crea contidos dixitais.</li> <li>- Non se coñecen as vantaxes nin desvantaxes do software libre e non se usa.</li> <li>O alumnado ten acceso aos ordenadores unha vez cada 15 días.</li> <li>- Falta de competencias dixitais do alumnado.</li> <li>- Usa máis a tecnoloxía fora do centro educativo e para usos non educativos.</li> </ol>
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>As familias atopan e reciben toda a información relativa ao proceso de ensino-aprendizaxe e a información relativa do centro a través das plataformas corporativas</li> <li>Dende o centro promóvese a formación na aula virtual para as familias dende terceiro a sexto.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Baixa competencia dixital das familias.</li> <li>Acceso limitado a internet.</li> </ol>
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>Debates informais entre profesorado sobre as vantaxes e desvantaxes do uso das TIC</li> <li>O centro emprega servizos educativos dixitais corporativos para difundir a</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Inexistencia de estratexia dixital</li> <li>Falta de colaboración a través das tecnoloxías pola non adaptación ao nivel educativo.</li> <li>Falta de reunións formais para debater sobre as vantaxes e desvantaxes do uso das TIC.</li> <li>Falta de espazos para crear recunchos TIC.</li> </ol>

		<p>información (páxina web, abalar, correo electrónico, webex)</p> <p>3. O centro promove un plan de formación acorde as necesidades do profesorado.</p> <p>4. O centro conta cun plan de formación en TICs.</p> <p>5. Aproveitar os coñecementos dos propios docentes do centro para formarse.</p>	<p>5. Falta de repositorios con contidos en liña. 6 Non se emprega o software libre.</p>
--	--	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Atribución por parte da Consellería de Equipos informáticos para a atención do alumnado (redución da fenda dixital)	<p>1. Falta de tempo para explorar a ensinanza dixital</p> <p>2. Falta de asistencia técnica por parte de Administración.</p> <p>3. Falta de inversión en equipamento tecnolóxico.</p> <p>4. Non se participa en proxectos externos</p>
	LEXISLACIÓN		1. Falta de información sobre dereitos de autor. Maior exixencia aos centros educativos para cumprir a Lei.
	CONTORNA		1. Non existe ANPA
	ANPA		<p>1. A conexión non é estable pola localización do centro e polo ámbito rural.</p> <p>2. Nivel medio-baixo sociocultural e baixo a nivel tecnolóxico.</p>
	OUTRAS ENTIDADES		

### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Polo tanto, coa finalidade de aproveitar os recursos dos que dispoñemos no centro, trataremos de seguir avanzando naqueles aspectos iniciados durante este curso que son:

- Organización de todos os recursos do centro.
- Seguir incidindo no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e profesorado.
- Desenvolver o repositorio de contidos na Aula Virtual.
- Emprego e actualización de ferramentas corporativas.

Tendo en conta ditos aspectos no seguinte punto estableceremos os obxectivos para o próximo curso escolar.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para establecer os obxectivos do PDC partimos da análise DAFO, tratando de reducir as debilidades a través das nosas fortalezas. Ditos obxectivos están contextualizado nas áreas do ámbito DIGCOMorg e máis concretamente relacionado coas áreas do SELFIE e tamén inciden na mellora das áreas do test CDD.

Partimos dunha listaxe de varios obxectivos que fomos reducindo e concretando para tratar de adecuarnos a realidade do noso centro. A finalidade era definir obxectivos realistas, alcanzables e relevantes que puideramos levar a cabo nun curso académico.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Infraestruturas tecnolóxicas: Ningunha
- Equipamento:
  - Aulas Dixitalizadas: Na actualidade necesítase renovar 7 ordenadores para que o profesorado poda desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe empregando as tecnoloxías tanto polo propio docente como para tratar de que o alumnado interactúe coas mesmas:
  - Aula de inglés: O actual portátil acéndese e apágase sen previo aviso.
  - Aula de relixión/ inglés: 2 ordenadores. Tanto o ordenador de sobremesa como o portátil están obsoletos. Funcionan con excesiva lentitude o cal impide usalos nas sesións de docencia.
  - Aulas de Pt e AL: ordenadores obsoletos. Na actualidade as docentes traen o seu propio ordenador para poder desempeñar as súas funcións ou empregan as tabletas.
  - Titorías: aula de 4 anos e segundo de primaria: na aula de infantil o ordenador non acende e no caso de segundo de primaria a lentitude do ordenador e excesiva e está obsoleto.

Ademais son necesarias tres pizarras interactiva/monitores: na aula de música, na aula de inglés/relixión (na actualidade soamente contan con proxector)

(soamente contan con proxector) e na titoría de segundo porque se ve borroso e case non ten claridade. Tamén son necesarios 4 proxectores pois tras varias reparacións seguen sen funcionar correctamente: Un na aula de Inglés, outro na de inglés/relixión, outro na titoría de terceiro, e outro na titoría de segundo. Estes dispositivos son necesarios para poder desenvolver actividades en rede e de interacción co alumnado.

- Proxectos educación dixital: As aulas de 5º e 6º o próximo curso educativo pasarán a formar parte do Proxecto Edixgal. (Pendente de dotación en setembro). Nunha das aulas de 5º faría falta renovar a pantalla pois non funciona a tactilidade na parte inferior.

- Equipos de xestión e administración. Neste ámbito sería necesario un ordenador para o despacho de dirección por estar obsoleto (demasiado lento, apágase, e hai que reinicialo habitualmente). O uso non é outro que para poder desenvolver as súas tarefas cotiás relativas a xestión e organización de centro. Tamén sería interesante renovar a pantalla da xefatura de estudos pois é do ano 2007 (a CPU foi renovada o ano pasado).

- Equipos na biblioteca: Na biblioteca serían necesario un ordenador de sobremesa para renovar o existente, dada o seu estado (errores continuos, lentitude e bloquéase)coa finalidade de poder levar a cabo unha correcta catalogación, os préstamos e todas as tarefas que desenvolve o equipo de biblioteca.

- Equipos Sala de profesores: 2 Principalmente sería necesario renovar un dos ordenadores (Equipo do 2007) o cal se apaga e en ocasións non lle funciona o rato ou teclado e o profesorado teno que apagar para que volva a funcionar.

- Equipos ultraportátiles para aula móbil: Necesidade dun carriño móbil con 3 ultraportátiles para poder levar a cabo tarefas grupais co alumnado e desenvolver a competencia dixital do mesmo.

- Aulas de informática: Sería suficiente cos dispositivos do carriño.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora:		C. INFRASTRUCTURA E EQUIPOS (C2 y C8 )			
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Desenvolver formación básica en no proxecto E-Dixgal tanto para familias como para profesorado				<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	Coordinador E-Dixgal				<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	% de profesorado e familias implicadas (Actas de Asistencia)				
<b>Valor de partida: (3)</b>	O 0% do profesorado e familias participa no PFPP de E-Dixgal				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O 55% do profesorado e o 30% das familias participan na formación do proxecto E-Dixgal			15 de Xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A01.1: Información Inicial as familias sobre a inclusión do Centro no Proxecto E-Dixgal	Dirección	30 de Xuño 2022	Ordenador e proxeutor		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
A01.2: Abrir unha liña dentro do PFPP E-Dixgal	Coordinador PFPP	20 de setembro 2022	CFR Vimianzo		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>
A01.3: Desenvolver o Plan de Formación	Coordinador PFPP/	15 de Xuño 2023	Centro Educativo. Equipos informáticos Plataforma Edixgal		<b>Realizada</b>
					<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

A01.4: Formar as familias no uso básico da Plataforma E-Dixgal dentro da Escola Nais Pais familias formación	Mentora TIC Adix	30 de Novembro 2022	Centro Educativo. Equipos informáticos Plataforma Edixgal	(Avaliarase se saben empregar as ferramentas básicas dentro da propia formación mediante o establecemento de Tarefas)	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Formación ao alumnado de 5º e 6º na plataforma dende as titorías.	Coordinador EDixgal	15 de Xuño 2023	Equipos informáticos Plataforma Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Área/s de mellora: C. INFRASTRUCTURAS E EQUIPOS (C1 y C14)**

<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Creación dun espazo maker cos recursos que conta o centro		Acadado
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC e mentora do Centro		Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	% de recursos organizados (Visualmente)		
<b>Valor de partida: (3)</b>	0 % dos recursos están organizados no espazo		
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% dos recursos están organizados no espazo	15/03/2023	

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A02.1: Buscar/atopar o espazo no centro.	Equipo directivo	1/10/2022	Aula/Espazo Centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2: Inventariar os recursos.	Equipo TIC	15/11/ 2022	Ordenador Base de datos		Realizada
					Aprazada



					Pendente
A02.3: Crear o espazo maker e organizar os diferentes materiais no espazo.	Equipo TIC	15/03/2023	Material de Centro Mobiliario		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E3)					
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Promover o emprego das plataformas corporativas (Páxina web e Agueiro) por parte dos cordinadores de Centro/profesorado				Acadado
<b>Responsable:</b>	Administrador das Plataformas				Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de docentes que coñecen a organización TIC do centro				
<b>Valor de partida: (3)</b>	1 docente emprega a Páxina web e 0 docentes empregan Agueiro				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Todos os coordinadores suban as actividades propostas en cada plataforma.			30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A03.1: Formar aos coordinadores e profesorado voluntario na Páxina Web.	Mentora Adix	15 /10/2022	Ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2: Subir información a páxina web, por parte dos coordinadores de cada equipo de cada actividade desenvolta dende a súa dinamización.	Administrador da Páxina Web	30 /06/2023	Ordenadores		Realizada
					Aprazada
					Pendente

A03.3: Formación aos coordinadores e profesorado voluntario en Agueiro.	Mentora Adix	30 /01/2023	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Subir unha actividade a plataforma por parte dos coordinadores dos diferentes equipos.	Coordinadores das dinamizacións	1/06/2023	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:		B. COLABORACIÓN E REDES (B3)				
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Ampliar o repositorio de contados da Aula Virtual				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Administrador da Aula Virtual				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	% de de profesorado que realiza as tarefas					
<b>Valor de partida: (3)</b>	10% do profesorado sube actividades ao repositorio					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	70% do profesorado realiza 3 actividades e as suban ao repositorio			15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Actualizar os participantes do repositorio.	Administrador da Aula Virtual	30/09/ 2022	Aula Virtual ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Elaborar titoriais	Equipo Tic	1/06/2023	Aula Virtual		Realizada	

sobre ferramentas para a creación de recursos.			ordenadores		Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Crear mínimo 3 actividades para o repositorio.	Administrador AV	15/06/2023	Aula Virtual ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora:		F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F5)				
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Empregar os recursos TIC do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de profesorado que emprega os recursos do centro (A través da folla de rexistro)					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% profesorado emprega os recursos do centro.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	50% do profesorado empregou ao menos dúas veces no curso algún dos recursos do centro.			1/04/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Elaborar un documento básico de benvida para o novo profesorado para coñecer os	Coordinador TIC	15/11/ 2023	Ordenador		Realizada	
					Aprazada	

recursos TICs do centro e a súa organización.					<b>Pendente</b>	
A05.2: Informar no Claustro dos Recursos do centro.	Equipo Tic	15/12/ 2022			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
A05.3: Elaborar unha folla de rexistro provisional para usar os recursos do centro (mentres non se organice o Espazo Maker) posteriormente esa folla será para certificar o uso do espacio Maker.	Equipo Tic	15/01/2023	Ordenador		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
A05.4: Establecer un horario para o uso do Espazo Maker.	Equipo Tic	1 /04/2023	Ordenador		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 4. Avaliación do plan

### 4.1. Seguimento do Plan de Acción

No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Para levar a cabo dita avaliación realizarase unha reunión do equipo da que se levantará acta. Ademais desta reunión, tamén se realizará a lo menos unha ao inicio e final de curso. A de inicio establecerase a organización do equipo e das persoas responsables de cada obxectivo coa finalidade do cumprimento dos mesmos. Ademais promoverase sempre que sexa posible o desenvolvemento dunha reunión mensual para analizar a situación e os avances nas accións correspondentes.

No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

### 4.2. Proposta de mellora

A través das avaliacións trimestrais e da avaliación realizada ao final de curso iranse establecendo propostas de mellora para o próximo ano académico as cales quedarán recollidas na memoria final de curso.

## 5. Difusión do plan

Dada a importancia do Plan, como unha sinal do noso centro, toda a comunidade educativa deberá de coñecer a existencia do mesmo, polo que a difusión será un punto de gran relevancia.

Así será difundido a través das diferentes ferramentas corporativas.

- Para o profesorado: Enviarase a través do correo do centro educativo unha vez aprobado no Consello Escolar setembro).

- Para a comunidade educativa: publicarase o documento na páxina web do Centro. Concretamente no bloque de “Documentación” e enviarase un Abalar cun Link a páxina web de centro e outro a Agueiro para mostrar os

obxectivos propostos e as accións que se están a levar a cabo. Igualmente neste espazo irase a informando a toda a Comunidade/ profesorado de accións levadas a cabo en dito plan.